



Socialistas e veciños de Antas, Taboada e Portomarín irán á manifestación a prol do Grumir de Monterroso

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

Representantes do PSdeG nestes municipios súmanse xunto con veciños á mobilización convocada polo alcalde de Monterroso, o socialista Antonio Gato, contra o traslado do servizo de Grumir do seu concello a Palas de Rei, gobernado polo PP, no que ve "razóns políticas"

Representantes das agrupacións municipais socialistas de Antas, Taboada e Portomarín acudirán xunto con veciños destas localidades á manifestación convocada para mañá domingo 13 de xaneiro ás 11.30 en Monterroso contra o traslado do Grupo Municipal de Intervención Rápida (Grumir) da localidade monterrosina a Palas de Rei.

O alcalde de Monterroso, o socialista Antonio Gato, convocou esta mobilización, que sairá da Avenida de Lugo para finalizar na Praza de Galicia, diante do Concello, despois de celebrar un pleno extraordinario para denunciar "a discriminación" á que somete a Xunta ao concello. Gato afirma que o traslado do Grumir só se produce "por razóns políticas". Os socialistas de Antas, Taboada e Portomarín anuncian que se suman á reivindicación para "defender os intereses dos veciños" ante "o prexuízo ao que se ven sometidos" por deixalos sen un servizo que "funciona perfectamente onde está ubicado" e garante a cobertura de emerxencias neste territorio.

Antas, Taboada e Portomarín, 12 de xaneiro de 2013